

**Directorio de empresas e unidades locais
Ano 2004**

COMUNICADO

**REXISTRADAS 189.790 EMPRESAS CON ACTIVIDADE EN
GALICIA**

As 189.790 empresas activas en Galicia a principios do 2004 supoñen un incremento do 5,7% respecto ás rexistradas o ano anterior. Os grupos máis dinámicos en termos relativos foron as microempresas (6,0%), as clasificadas na rama da construción (7,5%), e as que tiñan á súa sede social en Pontevedra (7,1%).

Empresas activas por condición xurídica

Unidade: nº de empresas

	01/01/2003	01/01/2004	Variación
Empresario persoa física	114.621	120.492	5,1
Sociedades	53.331	56.680	6,3
Outros	11.584	12.618	8,9
Total	179.536	189.790	5,7

Fonte: IGE. Directorio de empresas e unidades locais

As empresas de servizos representan o 78% do total

O reparto sectorial amosa unha elevada concentración de empresas no sector servizos. Destacan os comerciais co 30,4% do total de empresas, os servizos empresariais (16,1%), e a hostalería (11,9%).

O 58% das empresas rexistradas non tiña asalariados

Na poboación empresarial predominan as microempresas (menos de 10 asalariados), que representan o 95% do total, e dentro delas as empresas sen asalariados. Cada empresa emprega por termo medio 3 asalariados. Por riba deste promedio están as sociedades (8 asalariados por empresa), as industrias (10 asalariados por empresa), e as empresas con sede fóra de Galicia (21 asalariados por empresa). Case o 83% das empresas sen asalariados pertence ao sector servizos. Na industria están o 28% das que teñen 10 ou máis asalariados.

Empresas por sector económico e tamaño

Unidade: nº de empresas

	Industria e energía	Construción	Servizos	Total
Microempresa	13.234	24.091	142.513	179.838
Pequena empresa	2.331	1.824	4.481	8.636
Mediana empresa	422	165	572	1.159
Gran empresa	59	9	89	157
Total	16.046	26.089	147.655	189.790

Fonte: IGE. Directorio de empresas e unidades locais

O 74% das empresas teñen a súa sede social nas provincias da Coruña e Pontevedra

A Coruña é a provincia onde se concentran o maior número de empresas (40,6%), seguida de Pontevedra (33,2%), Lugo (12,2%) e Ourense (11,9%). As empresas con sede social fóra de Galicia representan o 2% das activas e concentran o 14,2% dos asalariados.

As comarcas das sete grandes cidades concentran o 58% de empresas e o 59% de asalariados. O recento por concello tamén coloca aos das sete cidades nas primeiras posicións (xuntos suman o 41% de empresas e o 43% de asalariados). Nos postos seguintes están os concellos de Carballo, Vilagarcía de Arousa, Oleiros, Arteixo, Narón e Redondela.

O 84,7% das empresas seguen activas

O 84,7% das unidades activas xa figuraban na mesma situación o ano anterior. Entre as dúas datas de referencia producíronse 20.418 altas e 10.164 baixas.

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/catalogo/peticioninfo.jsp?idioma=ga>
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.eu>